

V CERTAME LITERARIO DE RELATO CURTO CARLOS CANEIRO 2012

Fotos da lectura do relato premiado por parte de Abraham e entrega do premio por parte de Carlos Caneiro



A continuación reproducése o relato premiado:

O VALSE DO TITIRITEIRO

Decenas de pequenas extremidades movéndose a ritmo de valse. Sobre aqueles pequenos bailaríns, dúas mans e moitos fíos que desvelaban o truco, ¡pero era tan fácil deixarse enganar! A feira chegara para romper a monotonía da vila e como sempre, o titiriteiro era o que máis público atraía. ¿Como ía ser doutro xeito, se sobre aquela mesiña medio podre pola humidade, conseguía crear diminutas historias que tanto facían rir como chorar?

Os nenos xa lle perderan o medo á súa máscara branca, inexpresiva como os bonecos, e eran os primeiros en poñerse a carón da mesa para gozar do espectáculo. Non era o caso do Celso e a súa cuadrilla, que preferían andar de langráns bebendo e fumando detrás dos coches de choque. A eles xa non lles facía graza iso de “ver como se moven xoguetiños para bebés”.

Non era un mal rapaz, Celso. De seguro que a causa de moitas das súas imprudencias era a facha de líder que o obrigaba a facerse respectar. Aquela noite xa fora longa dabondo para el, bebera demasiado e comezaba a perder o tino. Un dos seus amigos máis apreciados, o Alberte, acompañouno ata a cantina a por un grolo de algo sen alcohol.

Mentres cruzaban o campo da feira, Celso detívose a ollar a través da multitude apiñada fronte o palco da orquestra. Agarrou o Alberte polo pescozo da camisa e díxolle cos ollos entreabertos: “espérame aquí, quero facer unha cousa”. Introduciuse entre a xente tan rápido que o pobre rapaz nin se decatou de por onde se metera o seu bébedo amigo.

As luces de cores e o mantel de listas brancas e vermellas fora o que chamara a súa atención. El ben sabía o que ía atopar alí. Todo farruco, pousou o brazo sobre a mesa e púxose a darlle conversa ao titiriteiro que continuaba o seu espectáculo en solitario, tratando de captar a atención dalgún curioso ao que lle aburrise a orquestra.

-Tes moita maña nisto ¡eh! -O home enmascarado levantou a mirada pero non deu resposta- Non debe ser nada fácil. Xa o creo. Debiches empezar moi novo, ¿non? -permañecía inmutable- seguro que fai falta practicar moito, e... -pensando que o feirante baixara a garda nese intre, Celso aproveitou para cumprir o seu obxectivo: meter no peto un dos bonecos que estaban quietos sobre a mesa- e bueno, que moita sorte co espectáculo que se fai moi entretido. Vémonos.

Foi entón cando o titiriteiro soltou das mans todos os bonecos, que caeron sobre o taboleiro facendo un enorme estrondo. Descorreu a cadeira para levantarse. O rapaz quixo saír correndo polo medo a que o cazaran pero os seus pés estaban suxeitos ao chan. O misterioso home comezou a andar en dirección contraria á multitude e os pés de Celso, que xa non facían caso á súa vontade, seguírono.

Tratou de berrar, patexar, agarrarse a algo para non seguir camiñando, pero o único que podía facer era oír os seus pensamentos. Chegaron a un lugar no que só se escoitaba o discorrer do río. Unha oxidada caravana ficaba solitaria entre a herba alta. Celso xa recuperara o control do seu corpo, pero o terror que lle producía o dono da máscara non lle fixo dubidar un segundo en seguir a indicación daquel dedo que apuntaba tan insistentemente cara a porta da roulotte.

E unha vez dentro acendeuse a luz. Un pallaso, unha bailarina, un soldado... ata unha decena de personaxes vestidos con adornados traxes que facían daqueles enormes monicreques un circo vivente. ¿Monicreques? Non, non eran simples monicreques. Os seus ollos, aínda que xa non

conservaban vida, si humanidade. Finas cordas atravesábanlles a pel nas extremidades, cuxo tacto nada tiña que ver co da madeira.

O titiriteiro atou a Celso con esas cordas a unha cadeira, pois aínda sendo finas eran moi resistentes, e unha vez inmobilizado quitoulle o boneco do pantalón. Levou o monicreque entre os brazos, co mesmo agarimo dun pai a seu fillo, ata pousalo delicadamente sobre o estante da parede. Estivo remexendo un bo anaco nun caixón e cando regresou o rapaz puido ver, para o seu desacougo, o que aquel psicópata traía nas mans: un coitelo e unha agulla grande e grosa como un anzol de balea.

Colleu outra cadeira para estar ben preto do neno durante a operación. Tíñalle o brazo dereito collido con forza. Celso choraba mentres trataba de implorarlle coa mirada a aqueles dous buracos na máscara que o deixasen marchar. Enfiou a agulla, e axiña, como con ansia comezou a súa tarefa.

Un fio de sangue comezáralle a escorregar polo brazo abaixo cando Alberte fixo acto de presenza. Por sorte para Celso, a vella que vivía no cruzamento de camiños vira a “dous moinantes indo cara o embarcadoiro”. O rapaz non tivo reparos en coller a terceira cadeira que quedaba e estamparlla nas costas ao tipo que secuestrara ao seu mellor amigo.

E entón, a cabeza do titiriteiro saíu polos aires, facendo o ruído oco da madeira ao caer. Alberte correu a desatar ao seu compañeiro que estaba ferido no brazo. Cando se achegaron ao corpo inconsciente do feirante decatáronse de que tras aquela máscara non había rostro humano, senón unha pulida bóla de madeira de castiñeiro. O seu talle, as súas pernas e brazos... pulidas tallas de diferentes árbores. Nada que fixera pensar que aquelas pezas compuxeran o corpo dunha persoa.

Á mañá seguinte, Alberte e Celso foron ao embarcadoiro, protexidos pola seguridade que dá a luz do día. Alí non quedaba rastro da caravana; tampouco do titiriteiro enmascarado. Talvez só haxa que esperar ata a próxima feira.

Abraham Carreira Groba
4º ESO
CPI Tomás de Lemos
Ribadavia (Ourense)